

**CONCELLO
DE VIGO**



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO PROGRAMA EDUCATIVO DO OO.AA. PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO POR PROCEDEMENTO ABERTO.

INDICE

I . ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ORGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN
8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

II . ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
10. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABONAR O ADXUDICATARIO
11. GASTOS A ABONAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO
12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION
13. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS
14. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DE MAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS
15. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
16. MELLORAS
17. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
18. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE



19. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
 20. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
 21. ADXUDICACIÓN
 22. GARANTÍAS ESIXIBLES
 23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
- III. EXECUCIÓN DO CONTRATO**
24. PRAZOS
 25. EXECUCIÓN DO CONTRATO
 26. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
 27. PERSOAL DO CONTRATISTA
 28. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
 29. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
 - i.- Recepción do obxecto do contrato
 - ii- Propiedade dos traballos realizados
 30. RÉXIME DE PAGOS
 31. REVISIÓN DE PREZOS
 32. PRAZO DE GARANTÍA
 33. MODIFICACION DO CONTRATO
 34. INFRACCIÓNS E PENALIDADES
 35. MULTAS COERCITIVAS
 36. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES
 37. SUBCONTRATACIÓN
 38. CESIÓN
 39. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
 40. LIQUIDACIÓN
- IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS**
41. XURISDICCIÓN
 42. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN
- V. ANEXOS**
1. ANEXO I: FEC
 2. ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
 3. ANEXO III: MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓN FINANCEIRA



**CONCELLO
DE VIGO****ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**

Exp. 6348/12

I. ELEMENTOS DO CONTRATO**CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

1.- O órgano de contratación é o Consello de Administración do OO.AA. Parque das Ciencias VigoZoo (en adiante VigoZoo).

- A dirección postal é Monte da Madroa, s/n, Teis, 36216 - Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org
- O número de fax do Rexistro de VigoZoo é 986273187.

2.- O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato (en adiante FEC).

3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP) é o que figura no apartado 1.C das FEC. Ademais destas competencias terá as seguintes:

- Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Proporen ó órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- Comprobar que o contratista está o corrente dos seus pagos cos provedores e subcontratistas que tiña contratado para a execución do contrato.

CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

1.- O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de servizos (artigo 10 TRLCSP). Se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (en adiante FEC).

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes



documentos:

- 1º .- As follas de especificacións do contrato (FEC).
- 2º .- O presente prego de cláusulas administrativas particulares
- 3º .- O prego de prescricións técnicas.
- 4º .- A oferta do Adxudicatario.
- 5º .- O documento no que se formalice o contrato.

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

4.- Se o contrato é financiado con Fondos europeos (apartado 3.I da FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e os actos fixados en virtude do mesmo e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ó Fondo Social Europeo e ó Fondo de Cohesión.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto a prestación do servizo sinalado no apartado 2.A da FEC.

2.- No caso de que se prevexan lotes no apartado 2.D da FEC, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitarse pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta por cada lote.

3.- A CPA e a CPV do contrato figuran no apartado 2.B das FEC.

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se satisfarán as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

CLÁUSULA 5.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

- 1.- O orzamento base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A da FEC.
- 2.- A cantidade que neste contrato corresponde o Imposto sobre o Valor Engadido é a que se fixa no apartado 3.B da FEC.
- 3.- O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 88 do TRLCSP, é o fixado no apartado 3.C da FEC
- 4.- No caso de que se establezan LOTES, o presuposto máximo de licitación para cada lote e o desglose do IVE fíxase no apartado 3.E da FEC.
- 5.- No apartado 3.F da FEC se fixan os prezos unitarios ou a referencia dos mesmos para o suposto que se esixan ou sexan obxecto de valoración na licitación.
- 6.- As ofertas dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ó orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da licitación.

CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

- 1.- Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito na aplicación presupostaria que se indica no apartado 3.G da FEC.
- 2.- No suposto de que no apartado 3.H da FEC se indique que o expediente de contratación se tramita como anticipado de gasto, a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes presupostos.
- 3.- Se a execución do contrato abrangue máis dun exercicio presupostario, no apartado 3.D da FEC establece a previsión do desglose do presuposto en anualidades presupostarias. O gasto previsto para cada anualidade subordínase ó crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo presuposto conforme ó previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

- 1.- O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/03/2015 14:30

Páxina 5 de 39

Expediente 6348/12

Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B da FEC.

3.- O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

4.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

5.- A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D da FEC salvo nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo:

- Se no apartado 4.D da FEC non se fixa data para o comezo do contrato.
- Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible adxudicar o mesmo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC.

6.- No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso debésese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada (artigo 112.2.c TRLCSP).

CLÁUSULA 8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

1.- Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP. Estes requisitos deberán reunirse no momento de finalización do prazo de presentación das ofertas.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores presentando unha declaración responsable consonte ó modelo incluído como Anexo II a este prego.

3.- A Administración poderá requirirllles ós licitadores a acreditación destes requisitos en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación.

4.- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orden descendente que formule a mesa de contratación deberá acreditar esta circunstancia no prazo dos dez días seguintes ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación. Se acreditará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no



**CONCELLO
DE VIGO**



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

3º) Documentos acreditativos da clasificación:

Cando sexa esixible a clasificación os licitadores deberán acreditar estar clasificados nos grupos, subgrupos e categorías que se establecen no apartado 6.A das FEC. Incluírase o certificado que acredite que a empresa licitadora está clasificada nos termos esixidos neste prego.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que permitan a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

4º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación ou para empresas licitadoras estranxeiras pertencentes a países membros da Unión Europea:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.C das FEC se



determinen outros distintos:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía. Se inclúe modelo no Anexo III.
- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.D das FEC se determinen outros distintos:

- Certificados acreditativos da execución de contratos de servizos similares ós do obxecto do contrato efectuados como mínimo nos tres últimos anos nos que se indicarán importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nos tres últimos anos, como máximo, acreditan ter realizado contratos similares ós do obxecto do contrato cuxo importe, no seu conxunto, sexa igual ou superior ó prezo do contrato. Para a acreditación deste criterio se terá en conta o disposto no artigo 77.a) do TRLCSP.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

5.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. En este caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

6.- Presentada a documentación acreditativa da capacidade do contratista a Mesa de contratación delega no Secretario da mesma a facultade de cualificar a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e no apartado 2 desta cláusula, poderá requirirle a súa subsanación, concedéndolle ó efecto un prazo de tres días hábiles. De todo o actuado se dará conta á mesa con carácter previo á formulación por esta da proposta de adxudicación ó órgano de contratación, sen prexuízo da súa comprobación polos integrantes da mesa.

7.- No caso de que os datos incluídos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incurrir o declarante, a Administración municipal se reserva o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle houbera podido causar.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 9.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.D da FEC podendo ser:



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

- Ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.
- Urgente, segundo o previsto no artigo 112 do TRLCSP, nese caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

2.- A tramitación urgente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

CLÁUSULA 10.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata o importe que se estableza no apartado 5.A da FEC.

CLÁUSULA 11.- GASTOS A ABONAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO

1.- O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os casos antes da adxudicación do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada ós licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 155 TRLCSP).

3.- En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que tivese incorrido (artigo 155.2 TRLCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade que se fixe no apartado 5.B das FEC.

CLÁUSULA 12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado aporte a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

2.- No entanto, nos procedementos nos que o único criterio de adxudicación sexa o prezo unicamente se presentarán dous sobres: o primeiro conterá a documentación esixida nesta cláusula para o sobre A e o segundo conterá o modelo de proposición que figura no apartado 7.B das FEC.



3.- Os sobres estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal”, “ Sobre B, proposición técnica” ou sobre C “proposición económica”.
- Número de expediente (apartado 1.A da FEC) e obxecto da licitación (apartado 2.A da FEC) á que concorran.
- No caso de que se prevea a licitación por lotes se indicarán os lotes ós que presenta oferta.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Facenda, o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

4.- No interior de cada sobre farase constar en folia independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

5.- A presentación das proposicións deste procedemento se poderá realizar no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza de “El Rey”, 2 36202 Vigo) ou no Rexistro de VigoZoo (Monte da Madroa s/n, Teis 36216 ViGO) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

6.- Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro de VigoZoo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

7.- En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

CLÁUSULA 13.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS

1.- Con carácter xeral, as proposicións presentaranse en tres sobres numerados correlativamente.

2.- En caso de que a documentación se presente en formato dixital, se o licitador adxunta



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

documentos encriptados deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abri-lo. Así mesmo, se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación. Se non se facilitasen os citados programas coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do sobre A. En caso contrario, o licitador non será admitido na licitación.

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase unha declaración responsable consonte o modelo incluído como Anexo II a este prego.

Se admite a presentación en formato dixital, en documento non editable e en formato PDF ou similar, etiquetado (a etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención sobre A e o nº de expediente), e as declaracións solicitadas deberán ser firmadas dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado.

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor e aqueles outros documentos que se esixan no apartado 7.A das FEC.

A documentación incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Se poderá presentar en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención “sobre B documentación técnica” e o número de expediente.
- Se o soporte non esta asinado dixitalmente se acompañará unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición técnica, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se presentará dobre copia.
- No apartado 7.A das FEC se estableceran as especificacións de presentación das ofertas para cada un dos contratos.

Será causa de exclusión da licitación:



- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC.

Se algún licitador presentase a documentación en formato distinto ó dixital, en caso de discrepancia entre ambos formatos prevalecerá o contido do dixital.

Deberá incluírse, se así se indica no apartado das 7.C das FEC un presuposto do servizo.

O cálculo deste presuposto estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo VigoZoo distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo ó menos, os seguintes capítulos:

- I.** Amortización-financiamento da inversión total en maquinaria e calquera outro material inventariable.
- II.** Gastos de persoal obtido por aplicación dos prezos unitarios establecidos no actual convenio detallado por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación.
- III.** Gastos de materiais consumibles para a prestación dos servizos.
- IV.** Outros gastos fixos anuais de mantemento, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugamentos e outros que teñan incidencia no contrato.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas dúas porcentaxes).

A participación de cada un destes capítulos na formación do prezo se expresará en porcentaxes. A consignación de cantidades económicas suporá a inclusión de datos relativos á proposición económica e será causa de exclusión.

C) SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

A proposta económica deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B da FEC.

CLÁUSULA 14.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN

- 1.- A documentación persoal e as proposicións técnica e económica se presentarán dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.
- 2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, no seu caso, e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva



**CONCELLO
DE VIGO**



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

algunha.

3.- As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de melloras cando así se estableza no apartado 9.A das FEC. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

5.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

CLÁUSULA 15.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos nos apartados 8.A e 8.B da FEC.

2.- Os criterios avaliados mediante fórmula, e salvo que se fixe outro sistema de valoración no apartado 8.B da FEC, se valorarán da seguinte forma:

1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor custe de execución, menor prazo, menores consumos, etc) se utilizarán as seguintes fórmulas:

a) **Para valores ofertados inferiores ó valor medio ofertado (a media das baixas propostas):**

$P = (0,8 \times \text{Puntuación máxima do criterio}) \times \text{Valor ofertado} / \text{valor medio ofertado}$

b) **Para as ofertas iguais o superiores á baixa media:**

$P = (0,8 \times \text{puntuación máxima}) + ((0,2 \times \text{puntuación máxima}) \times (A/B))$

Onde,

A = Diferencia entre o valor ofertado e a baixa media

B = A maior diferenza entre o valor ofertado e a baixa media



O valor ofertado obterase restando ós valores de referencia previstos no prego de condicións (tipo de licitación, prazo de execución, custe de execución, prazo, consumos, etc) os valores ofertados polos licitadores:

Valor ofertado = valor proposto pola Administración - valor proposto polo licitador

2º.-Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) se utilizará a seguinte fórmula:

- a) A máxima puntuación a obterán as empresas que oferten un incremento igual ou superior a media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores (incremento medio ofertado).
- b) Para valorar os incrementos inferiores a media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores:

P= Puntuación máxima do criterio x (Incremento ofertado/incremento medio ofertado)

O incremento ofertado obterase restando dos valores ofertados polos licitadores o valor de referencia previstos no prego de condicións (prazo de garantía, número de persoal, control da calidade, etc):

Incremento ofertado = valor proposto polo licitador - valor proposto pola Administración

3.- Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais.

4.- Os criterios poderán concretar a fase de valoración das proposicións en que operan os mesmos e, no seu caso, o límite mínimo de puntuación que na súa aplicación poida ser esixido ó licitador para continuar no proceso selectivo de acordo co disposto no apartado 8.D, 8.E e 8.F da FEC.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, o desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %.

Se varias empresas licitadoras das que houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na plantilla do seu persoal.

De persistir o empate, adxudicarase á empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orden de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios e os



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2015 14:30	Páxina 14 de 39
Expediente 6348/12	Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

seus subapartados. En caso de que se asine idéntica ponderación ós criterios, polo orden no que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

CLÁUSULA 16.- MELLORAS

1.- Se así se establece no apartado 9.A da FEC os licitadores poderán presentar melloras do contrato cos requisitos, límites e modalidades que se fixan no apartado 9.B da FEC.

2.- En todo caso as melloras propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

CLÁUSULA 17.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

1.- Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) **Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración**, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- b) **Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación**, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

2.- No apartado 8.G das FEC poderán fixarse outros criterios para determinar cando as ofertas deberán considerarse anormais ou desproporcionadas.

3.- Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ó licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 152.3 TRLCSP.

4.- Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a mesa de contratación deberá propor ó órgano de contratación a aceptación ou o rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Neste último caso, o órgano de contratación excluíraa da clasificación.

CLÁUSULA 18.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE



1.- Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2.- De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

CLÁUSULA 19.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación de VigoZoo**, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, que se atopa na páxina WEB www.vigo.org.

- No día e hora anunciados no perfil do contratante, a Mesa se reunirá para a apertura dos sobres A e B.
- Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación ós licitadores que tiñan presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.
- Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, lle comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax esta circunstancia, concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixa ou emenden. O cómputo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- A continuación se procederá, en acto público, a apertura do sobre B. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.
- A Mesa procederá á valoración do sobre B. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ó acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do sobre C terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante. No mesmo, darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan contradigan as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador rexeitado por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

CLÁUSULA 20.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

Cando a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.

CLÁUSULA 21.- ADXUDICACIÓN

1.- O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP.

2.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

3.- A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na licitación.

4.- En todo caso, antes da formalización do contrato se esixirá:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado no apartado 5.A das FEC.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.
- Cando se esixa ó adxudicatario no apartado 13.A das FEC que concerte algún tipo de seguro, a póliza correspondente.

CLÁUSULA 22.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- Poderán esixirse as seguintes garantías:

- **Provisional:** non se esixe para participar na licitación agás cando así se indique no apartado 10.A da FEC). Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes ós que se licite. Neste caso se establecerá o importe desagregado de garantías por lote no apartado 10.A da FEC.
- **Definitiva:** o licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
- **Complementaria:** se constituirá se así o esixe o apartado 10.B das FEC.

2.- As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXLCAP.

3.- A constitución de garantía xustificarse, segundo sexa a súa forma de constitución, do



seguinte xeito:

- **En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados**, haberá de depositarse en VigoZoo e acreditarse acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante **aval**, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.

CLÁUSULA 23.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 1.- A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación.
- 2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.
- 3.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ó artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 24.- PRAZOS

- 1.- O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.
- 2.- A constitución en mora do contratista no precisará intimación previa por parte da Administración, e se rexerá polo disposto no artigo 212 TRLCSP.

CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

- 1.- O contrato executarase con subxección ó previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formulará o órgano de contratación ó contratista.
- 2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 215 do TRLCSP.
- 3.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles que se



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, incorrecta execución do contrato.

4.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

CLÁUSULA 26.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1.- Se considerará condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores. O obxecto de poder comprobar o seu cumprimento o contratista remitirá mensualmente coa factura os seguintes documentos:

- Relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual.
- Indicación dos prazos de pago e as súas condicións.
- Declaración xurada de estar ao corrente de pago cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da certificación presentada.

2.- O órgano de contratación poderá establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato que figurarán, no seu caso, no apartado 16.A das FEC.

3.- Estas poderán referirse, entre outras, a calquera das consideracións de tipo ambiental ou social mencionadas no artigo 118.1 do TRLCSP.

4.- O cumprimento polo contratista destas condicións especiais de execución do contrato poderá verificarse en calquera momento polo órgano de contratación durante a execución do mesmo e, en todo caso, comprobarase o tempo da recepción da prestación.

5.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste Prego e na lexislación vixente na materia.

CLÁUSULA 27.- PERSOAL DO CONTRATISTA

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia. En concreto, garantirá:

- a) A cobertura permanente dos postos de traballo ofertados na súa proposición e coas súas correspondentes funcións. En consecuencia, o adxudicatario efectuará o seu



cargo e inmediatamente as substitucións precisas do persoal que teña asignado ó servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outro lado, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ó servizo, sendo a seu cargo o incremento de custes que se produza por tal causa.

- b) A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ó contrato. A incapacidade demostrada de algún empregado para o servizo, poderá xustificar o requirimento da súa substitución, por parte do órgano de contratación, a través do responsable do contrato.

2.- O persoal asignado ó contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

3.- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ó persoal destinado ó servizo con cargo ó prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable a Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

4.- O adxudicatario queda obrigado, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole, ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo ningún á Administración contratante.

6.- No seu caso, será obriga do adxudicatario uniformar e identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo que desenvolva o servizo, seguindo as directrices que ó respecto lle dite o Órgano de contratación. Este persoal deberá dispor de algún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

7.- Unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso previamente ó inicio da súa execución, o contratista comunicará á VigoZoo a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente comunicará calquera variación que poida producirse durante a execución do mesmo.

8.- O contratista estará obrigado a presentar mensualmente ó servizo xestor do expediente (apartado 1.B da FEC) os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á prestación do servizo e retencións do IRPF ao persoal, e en todo caso cando o solicite a Administración.

9.- Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante o servizo



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais:

- a) Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- b) Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

10.- Así mesmo, o persoal asignado polo adxudicatario para a realización das prestacións obxecto do contrato deberá cumprir a normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.

11.- O contratista designará un representante que será o único interlocutor entre a empresa e o VigoZoo e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato. Salvo casos excepcionais debidamente xustificados o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da execución do mesmo co responsable designado pola empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

12.- Á extinción do contrato de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal de VigoZoo.

CLÁUSULA 28.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- O adxudicatario e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obrigación que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

2.- O adxudicatario deberá formar e informar ó seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidésese incurrir.

CLÁUSULA 29.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos



termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación contratada.

i.- Recepción do obxecto do contrato

No caso de que o servizo sexa susceptible de recepción, realizarase no prazo dun mes contado desde a súa finalización, estendéndose ó efecto certificado de conformidade do responsable do contrato. No caso de que proceda establecer un prazo especial de recepción ou de que sexa necesaria unha forma particular de facela, especificaranse no apartado 17.D das FEC.

A falta de certificado de conformidade terá a mesma consideración a certificación acreditativa da prestación do servizo estendida polo responsable do contrato que se achegue xunto coa última factura.

Ó tempo da recepción comprobarase, en particular, o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª) O cumprimento do contrato nos seus propios termos.
- 2ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- 3ª) O cumprimento das condicións de execución.

A Administración determinará se a prestación realizada polo contratista axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

Se a Administración considera que a prestación obxecto do contrato reúne as condicións debidas, procederá á súa recepción, levantando para ese efecto o acta correspondente.

Se a prestación do contratista non reunise as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dítaranse por escrito as instrucións oportunas para que o contratista emende os defectos observados e cumpra as súas obrigacións no prazo que para iso se fixe, non procedendo a recepción ata que devanditas instrucións sexan cumprimentadas polo contratista, levantándose entón o acta correspondente.

ii- Propiedade dos traballos realizados

Se no obxecto do contrato se incluíse a redacción de proxectos, estudos ou similares, estes quedarán de propiedade da Administración, correspondendo a esta os dereitos de explotación sen que poidan ser reproducidos total ou parcialmente sen previa e expresa autorización do órgano de contratación.

Os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levarán aparelada a cesión íntegra deste dereito a VigoZoo.

Igualmente, os traballos que constitúan obxecto de propiedade intelectual entenderanse expresamente cedidos en exclusiva a VigoZoo, salvo no caso de dereitos preexistentes,



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade.

CLÁUSULA 30.- RÉXIME DE PAGOS

1.- O pago efectuarase, unha vez executada a prestación obxecto do contrato a que se refire a cláusula 2.A, se expida a declaración de recepción de conformidade, xa sexa parcial ou total, ou a certificación que a substitúa, tal como dispoñen os artigos 216 e 307 do TRLCSP.

2.- O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos no artigo 216.3 do TRLCSP. En este caso, esixiráselle a constitución de garantía en calquera das formas legalmente admitidas.

3.- En todo caso, o réxime concreto de pago do contrato, se fixará no apartado 12 das FEC.

CLÁUSULA 31.- REVISIÓN DE PREZOS

1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.

CLÁUSULA 32.- PRAZO DE GARANTÍA

Cando a natureza da prestación o requira ou a lexislación pertinente o esixa, se establecerá un prazo de garantía daquela que será o sinalado no apartado 11 das FEC ou o que resulte da oferta presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data da recepción da prestación obxecto do contrato, sendo de aplicación o disposto no artigo 307 do TRLCSP.

CLÁUSULA 33.- MODIFICACION DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación so poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 15.A das FEC ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición



ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

2.- As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

CLÁUSULA 34.- INFRACCIÓNS E PENALIDADES

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato.

2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

3.-Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das infraccións previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista de penalidades nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.

b) Por cumprimento defectuoso

Se ó tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a súa execución imporanse penalidades ó contratista nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

En particular, terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

imputable ó contratista, por un prazo que exceda de 24 horas, salvo no suposto de folga legal.

2. A prestación manifestamente irregular do servizo.
3. A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
4. O incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010 e publicada no BOP de 29/03/2011.
5. A percepción polo adxudicatario ou polo persoal o seu servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo, sempre que neste último caso apercibido o adxudicatario, non adopte as medidas necesarias para evitalo.
6. O incumprimento polo contratista ou polas persoas del dependentes da obriga de gardar sxiilo e garantir a confidencialidade das actuacións practicadas con motivo da prestación do servizo, así como o incumprimento do disposto na lexislación de Protección de datos. Considerarase confidencial toda a información que sexa presentada polo VigoZoo, salvo que este expresamente, mediante acordo do órgano de contratación, autorice a súa divulgación. A información recibida será utilizada unicamente para o fin polo que VigoZoo contrata, non podéndose facer uso dela para ningún outro.
7. A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e na oferta do contratista.
8. Calquera modificación na prestación do servizo adoptada sen previa autorización municipal.
9. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas graves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
10. As infraccións que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. O atraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática.
2. A interrupción do servizo por calquera causa por prazo non superior a 24 horas, agás en caso de folga legal ou o atraso no comezo do servizo en máis dunha hora sobre o horario establecido.



3. A incorrección e descortesía do persoal do servizo co público.
4. A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
5. O incumprimento das ordes ou instrucións referentes a prestación do servizo impartidas pola Administración Municipal ó adxudicatario e no prazo que ó efecto outorgue.
6. A falta de decoro ou aseo persoal ou do uso do uniforme regulamentario polo persoal ó servizo do contratista cando este fose esixido.
7. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
8. As infraccións que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. O atraso inxustificado respecto ó horario de comezo do servizo que non exceda dunha hora, cando estivese estipulado un horario para o seu comezo.
2. A imperfección non reiterada na prestación dos servizos.
3. Falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade que legalmente non teña a consideración de grave o moi grave.
4. Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo
5. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave neste prego.
6. As infraccións que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

c) Por incumprir criterios de adxudicación

Se, durante a execución do contrato ou ó tempo da súa recepción, a Administración municipal apréciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, se lle imporán penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ó





ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

e) Outras penalidades

O órgano de contratación poderá establecer outras penalidades específicas relativas ó contrato na cláusula 16.C das FEC.

4.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa existencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

5.- As penalidades a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

CLÁUSULA 35.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas, utilizando o procedemento previsto na cláusula seguinte.

2.- O seu importe será o seguinte:

- a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 300 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 301 a 600 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 601 a 1.000 € por día que persista o incumprimento.



Os días comezarán a contarse dende o seguinte á recepción polo contratista da orden de cese no seu incumprimento.

A hora de graduar a multa se terá en conta o prezo do contrato.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas no artigo precedente do presente Prego.

4.- En todos casos, VigoZoo, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito de VigoZoo a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como da imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

CLÁUSULA 36.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente.

I. Órgano competente

As penalidades por infraccións, calquera que sexa a súa gravidade, imponse polo Consello de Administración de VigoZoo.

II. Procedemento

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo.

Para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ó contratista.

No suposto de incumprimentos previstos na TRLCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 225 do TRLCSP.

III. Prescrición

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves os dous anos, e as leves ós seis meses.

2. As penalidades impostas por faltas moi graves prescribiran os tres anos, as graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das penalidades comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

IV.-Pagamento das penalidades

O importe das penalidades será aboado polo contratista na Caixa de VigoZoo, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da mesma, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 37.- SUBCONTRATACIÓN

1.- O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución do servizo ata o límite que se fixa no artigo 227.2. e) do TRLCSP salvo que no apartado 14.A das FEC se fixe outro menor.

2.- A subcontratación rexeráse polo disposto no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (artigos 227 e 228).

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2 do TRLCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontratado, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA 38.- CESIÓN

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato. Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente teña executado polo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión prodúcese atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e non estea incurso nunha causa de prohibición de contratar e conte coa solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente.



4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

CLÁUSULA 39.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1.- A resolución do contrato rexerá polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e especificamente para o contrato de servizos nos artigos 308 e 309 de devandita Lei.

2.- Será causa de resolución o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.

3.- No apartado 16.B das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

4.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista estarase ó disposto no artigo 225.3 e 4 do TRLCSP.

CLÁUSULA 40.- LIQUIDACIÓN

Finalizado o contrato e transcorrido o prazo de garantía, no seu caso, practicarase a liquidación do contrato procedendo, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 41.- XURISDICCIÓN

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

2.- O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

CLÁUSULA 42.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da TRLCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 200.000 euros e contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento, excluído o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 113 TRLCSP.

2.- No apartado 1.F das FEC se fará constar se o contrato obxecto do presente prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación.

3.- A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

4.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/03/2015 14:30

Páxina 31 de 39

Expediente 6348/12

Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I

FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) . NUMERO DE EXPEDIENTE: 6348/12**
B) . SERVIZO XESTOR: ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO.
C) . RESPONSABLE DO CONTRATO: Conservador de VigoZoo
D) . TRAMITACION: Ordinaria
E) . TRATASE DUN CONTRATO DE REGULACION ARMONIZADA: Non
F) . TRATASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: Non
G) . CODIGOS A EFECTOS DE FACTURACIÓN ELECTRÓNICA:
I. UNIDADE TRAMITADORA: LA0001999
II. OFICINA CONTABLE: LA0001999
III. ÓRGANO XESTOR: LA0001999

2. OBXECTO:

- A) OBXECTO DO CONTRATO:** Contratación do desenvolvemento das actividades do Departamento de Educación Ambiental do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo.
B) CODIFICACION DO OBXECTO DO CONTRATO:
 - **CPA:** 92.53.11
 - **CPV:** 92532000-9
 - **CATEGORIA DO SERVIZO ANEXO II DO TRLCSP:** 26 (outros servizos)**C) NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACION:** Regular a prestación do servizo por parte do adxudicatario do contrato de contratación do responsable e equipo de monitores necesarios para o desenvolvemento das actividades educativas recollidas no programa de educación ambiental en vigor. Así como a consecución dos máximos niveis de desenvolvemento das actividades educativas enmarcados no proxecto educativo, integrando os recursos humanos dedicados especificamente a tal fin e os recursos materiais, co obxectivo principal da concienciación aos visitantes da conservación da biodiversidade na mellora e ampliación da súa oferta cultural, procurando unha maior difusión da cultura a través do coñecemento das distintas especies animais e o seu entorno, un dos fins propios que se reflicte nos Estatutos do Organismo, e que non poden ser prestados por este Organismo directamente ao non contar co persoal coa cualificación e titulación precisa.
D) LOTES: Non se fixan.

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN:** 45.300 €.
B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 9.513 €
C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 90.600 €
D) ANUALIDADES CON IVE (se proceden):

ANUALIDADE	IMPORTE	IVA	TOTAL IVA	Incram. IPC	TOTAL BRUTO
2015	22.650,00 €	21,00%	4.756,50 €	0,00%	27.406,50 €
2016	22.650,00 €	21,00%	4.756,50 €	0,00%	27.406,50 €
TOTAL CTO.	45.300,00 €		9.513,00 €		54.813,00 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/03/2015 14:30

Páxina 32 de 39

Expediente 6348/12

Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

- E) DOTACIÓN POR LOTES:** non se establecen.
- F) PREZOS UNITARIOS(con IVE incluído):**
- G) APLICACION PRESUPUESTARIA:** 3371.226.99.01 “Actividades Programa Educativo”
- H) ANTICIPADO DE GASTO:** Non.
- I) FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS:** Non
- J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:** Non

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A) PRAZO DE EXECUCIÓN:** 1 ano
- B) PRAZOS PARCIAIS:** Non se prevén.
- C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN:** Si, un ano.
- D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:** 1 de xullo de 2015.

5. GASTOS DO CONTRATO

- A) GASTOS DE PUBLICIDADE:** 600 euros
- B) GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:** 50 euros

6. CLASIFICACION E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

- A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDICASE GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBEL:** Non
- B) CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCEIRA E TÉCNICA NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACION:** Non se contempla.
- C) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:** Non se contemplan.
- D) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA:** Non se fixan.
- E) MEDIOS PERSONAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:** non se fixan.

7. CONTIDO DA DOCUMENTACION DOS SOBRES B E C

A) CONTIDO SOBRE B:

O establecido na cláusula 13.B do prego de condicións administrativas.

B) CONTIDO SOBRE C: MODELO DE PROPOSICIÓN

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de,), informado da licitación para a contratación do desenvolvemento das actividades recollidas no programa educativo do Departamento de Educación Ambiental do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo por procedemento



aberto, expediente nº 6348/12, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do contrato de euros.

3.-Proponse como bolsa de horas extraordinarias un total de horas.

Lugar, data e sinatura do licitador.

C) SE EXISE PRESENTACIÓN DO PRESUPOSTO DESGLOSADO DO SERVIZO:
Non.

D) NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS: Non se fixa.

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

1.- Proxecto educativo.- Abarcará como mínimo os aspectos detallados no anexo do Prego de Prescricións Técnicas e polo seu orde se valorará ata un máximo de **30 puntos**.

No apartado se terán en conta os seguintes aspectos:

- Realización dunha memoria técnica que recolla unha proposta detallada anual de actividades educativas. (15 puntos)
- Elaboración pormenorizada dun proxecto de “visita guiada”. (5 puntos)
- Elaboración pormenorizada dun proxecto de “campamento de verán”. (5 puntos)
- Elaboración de dúas fichas técnicas de fauna do zoo”. (5 puntos)

B) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo de licitación de acordo coa cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas: Se valorará con ata **60 puntos**.

2.- Oferta de horas extraordinarias: Se valorará con ata **10 puntos**.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos á oferta coa maior bolsa de horas extraordinarias eventuais ofrecidas sen custo para VigoZoo, e valorando o resto de maneira proporcional, ata un límite máximo de 100 horas anuais.

A valoración das ofertas de horas extraordinarias se realizará segundo a seguinte fórmula:

$$P = 10 \cdot (Y/X)$$

Onde:

P: puntuación obtida

X: maior número de horas extraordinarias sen custo ofertadas.

Y: número de horas extraordinarias sen custo da oferta a considerar.



**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

Para puntuar as ofertas por tódolos criterios anteriores atribuiráselle á puntuación máxima por cada un deles a mellor oferta e as restantes as que lle corresponda por aplicación da respectiva fórmula ou en función da valoración técnica debidamente xustificada.

- C) COMITÉ DE EXPERTOS:** non se precisa
- D) FASES EN QUE OPERA CADA CRITERIO:** en todas.
- E) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTEN EN CADA CRITERIO: 10 pto.** no criterio avaliable mediante xuízo de valor. As ofertas que non superen esta puntuación mínima quedarán excluídas da licitación.
- F) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTEN PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS:** non se fixa.
- G) CRITERIOS PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:** non se fixan outros que o previsto na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

9. MELLORAS:

- A) ADMITE MELLORAS:** Non
- B) EN CASO AFIRMATIVO DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNS:**

10. GARANTÍAS:

- A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL:** Non
- B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA:** Non
- C) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** Si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE)

11. PRAZO DE GARANTÍA

Se establece un prazo de garantía de seis meses.

12. RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago do prezo do contrato aboarase ao adxudicatario fraccionadamente por mensualidades vencidas mediante a presentación da correspondente factura en modelo oficial que será dun importe igual a doceaba parte do prezo anual do contrato, reglamentariamente conformada polo Conservador, que deberá acompañarse da documentación á que se refire a cláusula 27.8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: servizo de contabilidade/fiscalización.
- A identificación do órgano de contratación: Consello de Administración de



- VigoZoo.
- A identificación do destinatario: VigoZoo.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe – Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado – ao que encóntrase adherido o OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, son os identificados no apartado G) puntos .I,II e .III do apartado primeiro das FEC.

13.ASEGURAMENTO

A) PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO: Non.

14. SUBCONTRATACIÓN:

A) NO SEU CASO, PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN: Non se admite a subcontratación.

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** non
- B) ASPECTOS A MODIFICAR:**
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**
- D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:**
- A) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:**

16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

- A) CONDICIIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:** non se fixan
- B) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** non se fixan
- C) OUTRAS PENALIDADES:** non se fixan
- D) OBSERVACIÓNS:** non se fixan

Vigo, 10 de marzo de 2015
O Director de Réxime Interior

Fernando Carballo Villar

CONFORME,
A PRESIDENTA,
M^a Jesús Lago Rey

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2015 14:30	Páxina 36 de 39
	Expediente 6348/12	Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp. 6348/12

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo segundo consta nos estatutos da empresa de data, inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta Grupo Subgrupo Categoría
No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato teña que ser realizada por empresas especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente á dita especialización subcontractando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.
7. Non suposto de que non se esixa clasificación ou, no seu caso, de non dispoñer da clasificación alternativa prevista no apartado da 6.B da FEC, manifesta:
 - a) Que a mercantil ten declarado unha cifra de negocios, no ámbito das actividades correspondentes ó obxecto do contrato, nas contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil de € no ano 2014, de € no ano 2013 e de € no ano 2012.
 - b) Que, en relación coa solvencia técnica, executou contratos de prestacións análogas nos últimos 5 anos para as obras e nos 3 últimos para



subministracións e servizos, nas seguintes institucións ou empresas e polos seguintes importes, que será acreditable no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.

Institución Contía Ano

No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE.

8. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
9. Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
11. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes
En caso de resultar adxudicatario presentará escritura de constitución da mesma cando sexa requerido para elo, sempre antes da sinatura do contrato.
12. No suposto de que no apartado 6.E das FEC se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.
13. Declara que ó tempo de presentar a súa proposición, contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ó 2%, do seu cadro de persoal dos cales un % son traballadores fixos no cadro.
14. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Lugar, data, selo e sinatura



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2015 14:30	Páxina 38 de 39
Expediente 6348/12	Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 6348/12

ANEXO III

MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS

A entidade (razón social da entidade financeira) , con CIF, domiciliada en, e no seu nome (nome e apelidos do apoderado), con poderes suficientes para obrigarse neste acto.

Informa:

Que(nome e apelidos da persoa natural ou razón social da persoa xurídica), con NIF ou CIF, domicilio en, é cliente desta entidade financeira.
Que segundo os antecedentes obrantes na mesma a mencionada empresa ten a suficiente solvencia económica e financeira para contratar co VigoZoo (indicar o contrato a que se refire o presente prego) , por un importe de (indicar o prezo de licitación do contrato).

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente en a de de

(firma e selo da entidade financeira)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 6348/12

Data impresión: 10/03/2015 14:30 Páxina 39 de 39
Código de verificación: 2EE23-45485-E8842-4BBB5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>